

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa o seguinte:

1º.- Que con data 1 de febreiro de 1979 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común adoptou a Resolución de clasifica-lo nomeado "Monte Río da Fenta", pertencente en parte á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de SAN VICENTE DE OITAVEN.

2º.- Que con data 5 de febreiro de 1996 a Comunidade de SAN VICENTE DE OITAVEN, solicitou a transformación da parte do monte "Oitavén", consorcio 3011 2/2 en Convenio, achegando certificación do acordo adoptado en Asemblea Xeral o 6 de setembro de 1995.

3º.- Que a superficie total consorciada do monte foi 511 ha. e o ano de comezo das actuacións de repoboación 1944 distribuídas así:

TRASPIELAS	440 ha. (1ª segregación) por pasar a Convenio o 16-09-1986
VENTÍN	25 ha. (2ª segregación) por pasar a Convenio o 01-09-1987
FORNELOS DE MONTES	23 ha. (3ª segregación) por pasar a Convenio o 24-02-1992
SAN VICENTE DE OITAVEN	<u>23 ha.</u> 511 ha.

4º.- Que a superficie que se integra no novo Convenio é de 175 ha.

Do Consorcio 3011 2/2 (4ª segregación)	23 ha.
Superficie non consorciada	<u>152 ha.</u>
	175 ha.

Sendo o seu estado forestal:

Eucalipto:	1,27 ha.
Pino pinaster:	21 ha.
Castiñeiro:	0,5 ha.
Arce pseudoplatanus:	1,5 ha.
Quercus robur:	3 ha.
Raso:	147,73 ha.

5º.- Que os gastos por traballos, mailos ingresos da parte do monte que se anulan ó 31 de decembro de 1998 foron:

	<u>Ingresos</u>	<u>Gastos</u>	<u>Saldo</u>
01-12-1988 Distribución 23/46 ha.	13.706.305	15.479.806	1.773.501H
09-11-1989 Condon. débeda Lei 13	1.007.424		766.077H
31-12-1989 Gardería 23 x 50		1.150	767.227H
31-12-1990 Gardería 23 x 50		1.150	768.377H
31-12-1991 Gardería 23 x 55		1.265	769.642H
31-12-1992 Gardería 23 x 55		1.265	770.907H
31-12-1993 Repob. 10 ha.(4214)		1.614.662	2.385.569H
31-12-1993 7,85% Gastos Admón.		126.751	2.512.320H
31-12-1993 Gardería		1.265	
31-12-1994 Gardería		1.265	
31-12-1995 Gardería		1.265	2.516.115H
31-12-1996 Gardería 23 x 60		1.380	2.517.495H
31-12-1997 Gardería 23 x 60		1.380	2.518.875H
31-12-1998 Gardería 23 x 60		1.380	2.520.255H
31-12-1998 SALDO	14.713.729	17.233.984	2.520.255H

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe a rescisión das 23 ha. do Consorcio 3011 2/2, pertencentes á Comunidade de SAN VICENTE DE OITAVEN, de forma que este consorcio quede rescindido na súa totalidade.

A restar da conta, gastos	17.233.984.-ptas.
A restar da conta, ingresos	14.713.729.-ptas.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "Montes de Oitaven"
Número: 3615690
Pertenza: San Vicente de Oitaven.
Concello: Fornelos de Montes.
Superficie: 175 ha.
Saldo inicial: 2.520.255.-ptas.
Participación Comunidade propietaria sobre o voo creado: 70%
Participación da Consellería sobre o voo creado: 30%
A contabilizar como anticipo: 50%
A contabilizar como subvención: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de transformación do consorcio do Monte "Oitavén", 3011 2/2 nun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de San Vicente de Oitavén, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "Oitavén", así como a rescisión total do devandito consorcio 3011 2/2 nunha superficie de 23 ha., e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, e ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 1999

A SECCIÓN XURÍDICA



Asdo. *Nuria Rodríguez Canabal*
Asdo. Nuria Rodríguez Canabal.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la rescisión das **23 ha.** do Consorcio 3011 2/2, pertencentes á Comunidade de SAN VICENTE DE OITAVEN, de forma que este consorcio quede rescindido na súa totalidade:

A restar da conta, gastos	17.233.984.-ptas.
A restar da conta, ingresos	14.713.729.-ptas.

SEGUNDO.- Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome: "Montes de Oitavén"
Número: 3615690
Pertenza: San Vicente de Oitavén.
Concello: Fornelos de Montes.
Superficie: **175 ha.**
Saldo inicial: 2.520.255.-ptas.
Participación Comunidade propietaria sobre o voo creado: 70%
Participación da Consellería sobre o voo creado: 30%
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 1999

O CONSELLEIRO

(P.O. DO 12-01-98)

O SECRETARIO XERAL



Asdo. José Luis Aboal García-Tuñón.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

C O N V E N I O

N.º	36	15690
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a7..... dexullo..... de mil novecentos noventa enove..... .

R E U N I D O S

Dunha banda, D.CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ....., Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D.CAMILO LORENZO RODRIGUEZ..... como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de San Vicente de Oitaven....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do.....

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen aComunidade de Montes de.....
.....San Vicente de Oitaven.....

e son os que a continuación se describen:

Denominación:Montes de Oitaven.....

Termo municipal: FORNELOS DE MONTES..... Provincia: PONTEVEDRA.....

Situación administrativa e legal Monte Veciñal en Man Común

Límites:

N.: Termino Municipal de Ponte Caldelas e Monte de Fornelos

S.: Monte e termino da parroquia de Traspielas

L.: Monte da parroquia de Fornelos

O.: Termino Municipal de Pazos de Borbén

Superficie: 175 Has

Estado forestal: Eucalipto 1,27 Has; pino pinaster 21 Has; castaño 0,5 Has

Arce pseudoplatanus 1,5 Has; Quercus robur 3 Has; 147,73 Has de Raso

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes:

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de Montes de San Vicente de Oitaven

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: consorcio 3011 2/2 (23 Has)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será pino pinaster
e frondosas autoctonas

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don María José León Gómez, encargado
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade
propietaria do monte veciñal en man común de San Vicente de Oitavén

2.—Que, así mesmo, figura Don Camilo Lorenzo Rodriguez, e
Don José Antonio Pérez García, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica 24/08/99

E para que conste, expido a presente certificación Pontevedra
a 4 de agosto de 199 9.



Don Jose Antonio Perez Garcia, Secretario
de San Vicente de Oitaven

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta
comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día 16 de setembro de 1995 estando designado
Don Camilo Lorenzo Rodriguez
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra
a catorce de Abril de mil
novecentos noventa e nove.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O Presidente

Asdo.: Camilo Lorenzo Rodriguez

Asdo.: Jose Antonio Perez Garcia

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director
Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa con-
formidade ás bases do presente convenio e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

[Signature]

Pola Consellería de Medio Ambiente,
O CONSELLEIRO

[Signature]
Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón